



# Olladas sobre Ramón Piñeiro

Sección coordinada por  
Carlos Fernández e  
Henrique Monteagudo

# Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo

MIGUEL BARROS PUENTE

Miguel Barros Puente é doutor en Ciencias Políticas.

A diferenza entre o pensador e o político é a mesma que separa o pensamento da acción. O político concede primacía á acción sobre a teoría. O pensador elabora primeiro o esquema formal e posteriormente procura a súa materialización. Na acción política conta a oportunidade, xa que logo, avaliar a situación e modificala favorablemente mediante un acto eficaz define o talento do home de acción. O pensador reflexiona e despois tenta modificar a realidade na dirección da análise resultante.

Nun mesmo actor cohabitan en proporcións diferentes os dous prototipos. Onde predomina o político, a decisión determinante de calquera movemento está en función do resultado. Pola contra, onde o pensador prevalece, a avaliación das consecuencias prima sobre a consideración da rendibilidade inmediata. O político calcula en termos de poder, o pensador aquilata o valor da acción en función dos efectos que produce na realidade social. O risco do pensador é caer no doutrinarismo, o perigo do político é enlearse no activismo voluntarista.

A dimensión temporal do político é o instante, porque a eficacia depende da capacidade para captar a oportunidade e a dirección da acción. O pensador analiza feitos históricos en perspectivas temporais dilatadas para incidir na modificación das tendencias inerciais que interesa orientar en función do que estima substancial para a comunidade.

Pensamento e acción son termos reciprocamente imbricados. Operar as ideas en termos de eficacia histórica é característica do home político, elaborar o paradigma dun novo estadio na vida comunitaria é vocación primordial do pescudador. Por iso sostemos que non é político quen actúa sen obxectivo inmediato, nin merece título de pensador quen se enlea en modelos teóricos abstractos que ignoran a realidade. Cando o pensador deriva en doutrinario busca someter os feitos aos principios, cando o político deriva en activista ignora os principios e produce feitos.

A presente análise sobre a figura de Ramón Piñeiro pretende contribuír a que a percepción desta figura senlleira da nosa contemporaneidade atenda á súa orixe de labrego, de labrego ilustrado que dende a realidade magoante da que emerxe pretende acadar un estadio superior de organización social e política en base á mobilización colectiva do pobo consciente da súa natureza de suxeito histórico. Piñeiro considera que a existencia dun suxeito colectivo autoconsciente, que se recoñece como tal, demanda unha ontoloxía, que é tanto como dicir a construción dun ente novo ao que atribuírlle unha serie de predicados que, ao singularizar a súa dife-

◀ Ramón Piñeiro le o texto final da manifestación a prol da Autonomía, na praza maior de Lugo, 4 de Nadal de 1977

renza, se constitúe como un modo orixinal do ser humano no conxunto da humanidade. Consumado este obxectivo, resulta indispensable que o suxeito definido se autoconéza, sexa autoconsciente. Por iso afirmamos que para Ramón Piñeiro o problema ontolóxico precede ao problema político, porque o seu pensamento apunta a que non hai acción se non existe suxeito e a que non hai historia se non hai pobo.

Para seren eficaces, os individuos singularizados polos atributos que os fan diferentes han tomar conciencia de ser comunidade e tal conciencia non é o resultado dun proceso espontáneo, require unha fermentación delongada no tempo ata a eclosión dunha comunidade en pobo que demanda o exercicio de dereitos políticos na súa condición de suxeito colectivo.

Estas razóns determinan en Piñeiro unha vontade definidora para elaborar un proxecto colectivo que poida recoñecer a comunidade como propio, pero que por falla de maduración no caso de Galicia non tiña condensado para converterse en ideal comunitario. Por esas razóns, o noso pensador, ante circunstancias históricas inesperadas e violentas sente a necesidade de acometer un programa para a adaptación do ideal a unha realidade absolutamente contraria ás posibilidades de expansión da acción política. Pero a enerxía para romper cun esquema ideolóxico non se xera espontaneamente, mais ben precisa dun acto firme de vontade para transformar as consecuencias dos feitos que se padecen en decisións que nos liberen da opresión.

A consecuencia da guerra foi a instauración da ditadura e tal acontecemento, que tiña orixe no exercicio contundente da violencia, baseaba a súa moralidade no feito consumado do éxito a partir do emprego da eficacia da forza para a instauración da tiranía política. Victor Cousin teorizou sobre a necesidade de aceptar que aquilo que acontece non pode ser malo, porque non aceptalo sería tanto como postular que a civilización non implica graos de superación cara a un ideal de perfección ao que tende de seu a humanidade tal e como establecía a filosofía hegeliana da historia. Segundo tal criterio, non podemos cuestionar a moralidade, dos feitos históricos porque sempre imos a mellor. "Eu declaro a vitoria como necesaria e útil [...] propóñome demostrar a moralidade do éxito"<sup>1</sup>, dicía Victor Cousin. O contexto no que se desenvolve o pensamento e a acción de Piñeiro esta condicionado por esta filosofía, que implicaba conceder que o réxime emerxido da guerra era necesario e útil ata o extremo de que tales sofismas acababan por penetrar nas intelixencias dos individuos facéndolles máis doado aturar a servidume na que incorren cando se establece unha situación política rexida pola coerción e pola forza.

A moralidade do éxito e a crenza no progreso indefinido e perfectible xustifica sen apelación posible os triunfadores. Quen gaña é o mellor e ademais ten razón. A necesidade de acomodación a situacións coercitivas que resultan da imposición da violencia favorece os procesos de aceptación dos feitos, porque tal autoengano dulcifica as condutas de sometemento esixibles nun estado de forza.

Se adaptarse é a primeira condición para sobrevivir, a adaptación non impide a sublimación da resistencia do pensamento, que elabora saídas superadoras á espera da circunstancia propicia que permita manifestalas. Aínda que as actitudes individuais nas comunidades que son vítimas de procesos violentos de transferencia do poder político mostran formas múltiples de condutas adaptativas, que van dende o puro oportunismo ata a resistencia contumaz, sempre madura en torno a un núcleo orgánico un programa de resistencia que garante a pervivencia do ideal atropelado pola forza do poder político vivente. Sobrevivir baixo o poder despótico demanda a disciplina dun modo de pensar que se caracteriza pola necesaria procura de niveis que permitan fundir nun horizonte de posibilidades os puntos de vista ideolóxico e político descompensados pola altura do ideal e a proximidade abafante do horizonte próximo que acouta a realidade política concreta.

Piñeiro espertaba á chamada do galeguismo político na primavera do cruel século XX. Aprendera do maxisterio de Otero, Castelao e Bóveda o soño dun estado galego capaz de rexer os destinos de mariñeiros e campesiños coa conquista de institucións políticas propias. Ese era o horizonte infindo cara ao que se camiñaba a través da defensa consciente da cultura propia e despois de acadar a unidade nacional de dúas realidades esgazadas, vítimas dunha fenda profunda que as arredaba mutuamente. A realidade rural primitiva pero conservadora dos tesouros da identidade colectiva e a realidade vilega asimilista en función dun convencemento incerto en que a modernización e o progreso implicaban o sacrificio dos sinais de identidade<sup>2</sup>. Home rural e home vilego vivían sobre a mesma realidade pero ambos os dous alleos á propia circunstancia, que os dotaba dunha falsa conciencia daquilo que realmente era o seu ben común. O home rural refuxiábase na resignación e na resistencia pasiva a unha situación opresiva. Os galegos das vilas unían maioritariamente a súa sorte aos que postulaban dende o poder que progreso e identidade eran termos contraditorios e incompatibles.

Non cabe dúbida de que nesta sociedade, tan eficazmente divida entre o mundo rural e o urbano, predicar a incorporación e a práctica do idio-

ma propio como elemento unificador das dúas realidades era tarefa esgrevia.

Tendo en conta que a poboación rural vén representar dous terzos da poboación total, non pode sorprender que o tipo labrego fose considerado por Piñeiro como o arquetipo humano do país. “Os vicios e as virtudes de Galicia son os vicios e as virtudes do labrego”, pensaba o de Láncara.

Para fundir nun horizonte de país, para conseguir a totalidade de cultura e valores de dúas realidades tan diferenciadas, a memoria tiña que ocupar a función da historia na nosa sociedade de perdedores. O primeiro exercicio de disciplina intelectual era esquecer a historia escrita dende o Estado e recuperar a memoria dos avós reprimidos, porque o futuro próximo —pensaba Piñeiro, como W. Benjamin—, nace da memoria dos avós ofendidos e non do ideal dos netos satisfeitos<sup>3</sup>. Era imprescindible adquirir conciencia real de que o suxeito da historia son os humildes, os asoballados, os que padecen o resultado da forza executada polos vencedores, auténticos escribáns da historia e beneficiarios dos xuízos positivos que estiman correlativos os termos de éxito e ben.

Recuperar a memoria era o exercicio previo para o dominio do tempo, os galegos tiñamos que recuperar o control e o dominio do noso tempo comunal, traballo prioritario que nos había de remontar na orixe común á fusión dos horizontes que se foran disipando en niveis cada día mais distantes. O esquecemento da orixe común era a causa da tribulación presente na historia de España, que non era precisamente a historia de Galicia.

Na “doutrina do triángulo”, o círculo é o universo, e o triángulo é a sabedoría. Da inserción dun no outro nace o coñecemento,

a razón intelixente que sostén na equidistancia tres puntos matemáticos no universo: Espazo, Tempo e Memoria. Para cada un destes tres puntos hai un factor determinante de enerxía, a familia, o individuo e a colectividade. O secreto está en vencer o Tempo, a gran máquina terrible, inmenso coma un océano, sen lindes nin ribeiras, sen praias nin camiños. Dos tres vértices do triángulo (Espazo, Tempo e Memoria), o Tempo é o mais revirado, imposible de gobernar [...] só unha cousa pode gobernar o tempo. A Memoria. A Memoria é o único que nos permite durar<sup>4</sup>.

Daquela era indispensable para a continuidade e permanencia da nosa identidade fundir co horizonte do presente amargo o pasado dos soños sulagados e dos proxectos que non tiveron realidade. Era preciso recoller con agarimo o herdo



Trasalba, 1958. Grupo de galeguistas ao redor de R. Otero Pedrayo. Entre outros X. Isla Couto, R. Isla Couto, E. Álvarez Blázquez, Leuter González Salgado, S. Martínez Risco, L. Viñas Cortegoso, C. Fernández de la Vega, Ánxel Fole, X. Ferro Couselo, F. del Riego, F. Penzol, R. Carballo, D. García-Sabell, Silvio Santiago e Ramón Piñeiro

Recuperar a memoria era o exercicio  
previo para o dominio do tempo,  
os galegos tiñamos que recuperar  
o control e o dominio do noso tempo  
comunal, traballo prioritario  
que nos había de remontar  
na orixe común á fusión dos horizontes  
que se foran disipando en niveis  
cada día mais distantes

<sup>1</sup> Cousin, Victor (2006). Citado por Reyes Mate en *Medianoche en la historia*, Madrid: Trotta, p. 138.

<sup>2</sup> “O proceso político dos últimos 150 anos en Galiza vén definido pola existencia dun pacto que a poboación aceptou de mellor ou peor grao, con maior ou menor violencia, pero sempre cunha parte notábel de consenso, un pacto proposto desde as dúas beiras polo poder central e a elite autóctona, un pacto baseado na renuncia á propia identidade, e con ela ao autogoberno, a cambio da participación do proceso modernizador español”. Veiga, Manuel (2003). *O pacto galego na construción de España*. Vigo: A Nosa Terra.

<sup>3</sup> Benjamin, Walter. “Concepto de Historia”, tese XII: “quien sufre es el sujeto de la Historia (porque el futuro nace de la memoria de los abuelos ofendidos y no del ideal de los nietos satisfecho)”, en Reyes Mate (2006). *Medianoche en la Historia*. Madrid: Trotta, p. 197.

<sup>4</sup> Freixanes, Victor F. (1983). *O triángulo inscrito na circunferencia*. Vigo: Galaxia, p. 344.

histórico e reclamar da esperanza a posibilidade de transformar en feitos as ideas derrotadas pola historia. Transmitir ás novas xeracións a débeda contraída cos nosos avós humillados constituía obriga indeclinable. Impulsar dende a dignidade moral do individuo o orgullo da comunidade para levar a cabo a tarefa colectiva de reingresar na historia como pobo. Había que aplicarse a mobilizar as vontades individuais ata lograr na densidade da vontade comunitaria a forza precisa para a execución dese imperativo político.

Agora ben, con carácter previo a ningunha obra colectiva, existe a necesidade de elaborar un proxecto que integre o pasado no presente, que “reaxuste o ideal en función do historicamente posible”. Precísase dun liderado que teña “sentido da proporción histórica”, que posúa “capacidade, orixinal e creadora para descubrir o historicamente necesario, [...] a capacidade de dar ao ideal a forma precisa que a realidade esixe”. Por moito que nos sorprenda,

a esperanza para un presente desesperado está no fracaso do pasado [...]. Porque neses lugares en que o pasado xace durmido no inconsciente late-xan soños de felicidade aínda non realizados, que, se espertan, se converten en motor da acción, en utopía<sup>5</sup>.

Este proxecto actualizado do ideal acada expresión escrita no pensamento de Piñeiro nos “Apuntes para a definición do galeguismo”, documento no que Piñeiro postula a revisión da fase nacionalista do galeguismo, por entender que non existe compatibilidade entre o horizonte estatal para a nación galega e a previsión histórica da súa realización. O principio das nacionalidades é un axioma do que se pretende deducir como corolario unha consecuencia que no caso que nos ocupa carece de viabilidade política. Establecer principios que tenten xerar feitos é un modo de pensamento nada apto para a actividade política, tampouco viable no ámbito da natureza. A construción ha ser resultado dun método analítico que debe partir da realidade e dos feitos para erguerse ás causas que os explican. O principio das nacionalidades pretende explicar a realidade a partir do apriorismo do axioma.

A frustración deriva da imposibilidade material da transformación do principio en feito histórico. O guieiro dunha comunidade ten que estar dotado de “sentido da proporción histórica” para canear os perigos do sofisma. A desmitificación ideolóxica do principio das nacionalidades é unha revisión que implica a negación do corolario que afirma a inevitabilidade dun estado onde podemos definir unha nación. A audacia de Piñeiro foi afirmar nun contexto no que se acep-

taba a validez do principio das nacionalidades que tal axioma era un sofisma. No caso galego, tal premisa, para ser válida, demandaba unha conciencia histórica do noso ser colectivo como pobo da que carecíamos. Politicamente non abonda con manifestacións da evidencia dun feito que se dá por suposto, senón que resulta de todo punto necesario un acto de vontade que emerxa da conciencia do “nós”, e tal vontade colectiva de acción histórica non se ten expresado coa debida contundencia, pero sobre todo, careceu dunha tensión permanente sostida no tempo. “Non fomos unha nación *en forma*”, que diría Spengler; por esa razón o pobo galego non puido constituír a nación en Estado<sup>6</sup>.

Piñeiro acometeu con radical sinceridade a crítica das nosas eivas colectivas e dedicouse á procura dun proxecto que adaptase o ideal ao marco histórico que determina a realización das nosas arelas. Primeiro era “ser”, e non existe aquilo que non ten conciencia de si mesmo, a conclusión máis amarga, por real, á que chegou Piñeiro foi precisamente que con carácter previo á presenza histórica como colectividade era indispensable a nosa construción como pobo. O problema era inicialmente ontolóxico, só posteriormente había derivar en político.

A conciencia do “nós”, que nos fai certamente diferentes, exprésase no idioma, creación colectiva con permanencia no tempo. Por carecermos de conciencia histórica, por non sermos conscientes da necesidade de actuarmos dende unha vontade común para materializarmos en feito político (Estado propio) o que é un feito cultural (un idioma orixinal), Piñeiro acomete a tarefa de restaurar a conciencia nacional perdida, suturar a realidade esgazada (rural e urbana) nunha entidade recoñecida que ten no idioma o definitivo catalizador para a recuperación da unidade buscada.

A proposta pretende fundir horizonte ideolóxico e horizonte político nunha liña que facilite a incorporación do pobo como realidade consciente á tarefa de reingresar na historia como un acto de vontade colectiva agochado na latencia que os fracasos do pasado mantiveron como soños que agardan a súa realización en feitos históricos. Considera preciso recuperar a esperanza porque a esperanza é o alento da acción. Os fracasos pasados, ao seren recuperados para a nosa utopía colectiva, funden pasado e presente no ideal político acomodado ás circunstancias que determinan a súa viabilidade. Os soños precisan estruturarse en ideas, ideas capaces de conformaren unha nova realidade histórica. En definitiva, resultaba inevitable reconstruír a nación.

Pero non abundaba con fundir horizonte ideolóxico e horizonte político, pois para mobilizar a nación tamén cumpría fundir nun horizonte

común os horizontes individuais —conciencia do *eu*— e o horizonte colectivo —conciencia do *nós*—. Aproximar a unha mesma liña os proxectos vitais individuais, no que teñen de común como constitutivos da comunidade, era actuación indispensable para que individuo e comunidade compartisen un obxectivo común. A realización de calquera proxecto individual ou colectivo ten que enfrontar multitude de circunstancias limitadoras que empecen a culminación da súa forma e contido. No ámbito dos proxectos individuais, a fragilidade do ser humano ameaza o proxecto vital a desenvolver no tempo. Aínda así, somos o que nós facemos e a nosa autorrealización é a tarefa primordial do noso proxecto como seres humanos.

Por outra banda, a comunidade está determinada en primeira instancia pola conciencia do “*nós*”. Xa dixemos que ningunha entidade é viable na súa condición de suxeito activo se non ten conciencia da súa propia singularidade, precondition indispensable para mobilizar a vontade común cara a un desingnio compartido.

Superpoñer nunha soa liña do horizonte futuro perspectivas de múltiples proxectos individuais de vida que comparten un mesmo imperativo comunal a realizar como suxeito histórico, demanda unha tensión, unha arela de ser e un esforzo que esixe unha enerxía comunal só posible dende o sumatorio das consciencias individuais motivadas polo imperativo moral que obriga a cada membro coa súa comunidade<sup>7</sup>. Mais facer xermolar nos individuos a conciencia comunal obriga a promover un sentimento de implicación individual e intransferible coa propia comunidade, pedagogía colectiva que se acomete a través dun delongado proceso que nos eleva da nosa percepción como individuos á percepción da comunidade como suxeito colectivo.

Pero a pura individualidade tamén é resultado do mundo circundante, os costumes, os hábitos, as ideas que defendemos, o que sentimos, as obrigas, as prohibicións —nunha palabra, o noso propio mundo moral— conforma a realización do individuo, que se non estivese mergullado neste mundo propio non chegaría a ser o que é. Por esa razón explica Hegel que “a individualidade é o que é o seu mundo, en canto seu, ela mesma é o círculo da súa acción [...] é simplemente, a unidade do ser dado e do ser construído”. O ser construído implica o concepto de acción que ha de transformarse en obra de tal xeito que “sen obra descoñecemos a individualidade en canto que non existe individuo sen autoconciencia e non hai autoconciencia onde non se reconece un obrar propio considerado como fin”. E remata o filósofo de Iena: “O individuo [...] só aprende a coñecer a súa esencia orixinaria —que debe ser o seu fin— polo obrar,

pero para obrar necesita ter ante si, previamente, o fin”<sup>8</sup>.

Para Ramón Piñeiro a identificación da individualidade, da autonomía e do obrar con finalidade determinada, concretábase na triple concepción do ser humano como ente semántico (que busca un significado para o mundo e a vida), ente axiolóxico (que orienta a súa acción en función de valores) e ente teleolóxico, porque orienta a súa acción cara a un fin previamente concibido. Significado, valor e fin sobardan a condición individual e informan o mundo circundante, que fará posible que o individuo “chegue a ser o que é”. Porque o autor da fenomenoloxía do espírito afonda na definición de que é “na vida do pobo donde atopa a súa realidade consumada o concepto da realización da razón consciente de si” (p. 209).

O noso pensador procura a fusión dos horizontes individual e colectivo nun proxecto compatible que permita a realización simultánea das finalidades particulares e garanta igualmente os ámbitos da realización histórica da comunidade. Piñeiro buscaba na arela de transcendencia que impulsa o ser humano a motivación para a entrega ao traballo comunal, única posibilidade de que a obra do individuo perviva superando a limitación existencial, porque só a través da obra pode ser o individuo lembrado pola comunidade, memoria que evita a desaparición arrepiente no baleiro do esquecemento.

A comunidade convertida en pobo realiza en verdade a razón, ensínanos Hegel e engade:

[a razón] é o espírito vivo presente, no que o individuo non só atopa expresado o seu destino, é dicir, a súa esencia universal e singular, [...] senón que el mesmo é esta esencia e ten acadado tamén o seu destino. De aí que os homes máis sabios da antigüidade formulasen a máxima de que a sabedoría e a virtude consisten en vivir de acordo cos costumes do seu pobo (pp. 210-211).

<sup>5</sup> Valente, José Ángel (2006). *Las palabras de la tribu. O. C. Ensayos*. Barcelona: Galaxia, Guttenberg-Círculo de Lectores, t. II, pp. 187-188.

<sup>6</sup> “El Estado es la forma interna de una nación; es la nación cuando está ‘en forma’”, en Spengler, Oswald (1989). *La decadencia de Occidente*. Madrid: Espasa Calpe, t. I. p. 218.

<sup>7</sup> É que “vivimos as nosas vidas individualmente e nas nosas relacións cos demais, á luz de certos conceptos de futuro posible compartido, algunhas posibilidades dese futuro atraénnos, outras refugámolos [...] unhas semellan facedoiras, outras imposibles [...] non hai presente que non estea informado por algunha imaxe de futuro”. MacIntyre, A. (2001). *Tras la virtud*. Barcelona: Crítica, p. 266.

<sup>8</sup> Hegel, G. W. F. (1966). *Fenomenología del espíritu*. Buenos Aires: FCE, p. 184.

Xa que logo, o home vive na sociedade, que indiscutiblemente o condiciona, mais a liberdade interna de que goza compénsao do cumprimento da norma e permítelle simultaneamente criticar os artificios da personalidade comunal, perfeccionando así o patrimonio espiritual colectivo.

A reflexión de Piñeiro encarréirase nunha conclusión filosófica que ten unha gran repercusión política ao analizar o concepto de cultura como elaboración espiritual realizada por un pobo en que os seus valores son transcendentales comunicativos e universais. O pensador chama a atención ante o risco de confundir a natureza da cultura co seu valor, entende que a cultura é por natureza singular e concreta mentres que os seus valores, os valores que crea, son transcendentales e universais<sup>11</sup>. Unha vez que a través destes principios básicos Piñeiro consegue vincular cultura e pobo por unha banda e determinar claramente, pola outra, que unha cultura concreta que crea valores transcendentales está en condicións de acceder á historia, queda artellada a cadea pobo-cultura-historia.

Na liña de Kant, Piñeiro entende que

o concepto de “home civilizado” non constitúe un carácter secundario ou fortuíto, senón que define a súa natureza esencial, o seu carácter específico. Quen quixer estudar a animalidade ha de partir do estado salvaxe, pero quen quixer coñecer o home ha de considerar a súa forza creadora [...] a súa cultura<sup>9</sup>.

A cultura é pois o terceiro obxectivo, a acción constitutiva do suxeito histórico ao que Piñeiro quere devolver a súa autoconciencia para erguerse outra vez á categoría de pobo histórico.

Na procura do horizonte individual compatible co horizonte comunal do pobo, instala Ramón Piñeiro a prioridade ontolóxica sobre a prioridade política. Busca decidir primeiro a existencia indubitada do home galego como modo de ser singular dentro da humanidade total e, unha vez sentado este principio, pasa a definir a personalidade colectiva deste pobo singular, que ao producir un sistema de valores, unha arte, unha literatura, ao exercitar uns hábitos e costumes propios, se instala dende a cultura en situación para dar o salto político á autoconciencia. Xa que non hai existencia sen conciencia, non existe pobo sen saber que existe. “Todo comeza pola conciencia e nada vale senón por ela”, lémbraos Camus en *O mito de Sísifo*<sup>11</sup>.

Mais o laborioso camiño da toma de conciencia realízase nun lento e demorado proceso histórico. Nun período en que as vangardas teñen que asumir a actitude ética de compromiso coa

comunidade para acelerar o proceso histórico, coa certeza de que a procura da identidade é o ben fundamental do pobo, Piñeiro non dubida en destacar a relación positiva existente entre a busca da identidade colectiva e a moral, porque o filósofo estima que non existe ben superior á conciencia de existencia singular do pobo galego. O pensador quere acoutar un marco referencial arredor dos valores da comunidade. Constituír un estatuto propio de obrigas e prohibicións que se orientan á definición dunha ontoloxía moral que nos dará presenza singular no concerto dos pobos que forman a humanidade<sup>12</sup>.

A consumación da sabedoría será pois, como quería Hegel, “vivir de acordo cos costumes do pobo”<sup>13</sup>. A esta ontoloxía singular, a este modo específico do ser humano corresponde, xa que logo, un modo peculiar de estar no mundo, un modo de vivir orixinal e diferente.

“Sábese ben cal é o territorio galego. Sábese dende moi antigo. En cambio, coñécese bastante menos o xeito de se situar no mundo o pobo galego. Sábese da súa situación espacial, pero non do seu modo de dominar o tempo. En gran parte, este descoñecemento débese a que durante séculos, a vida do pobo galego decorreu a un nivel que poderíamos chamar sub-histórico”. Acuciado o pensador por esta evidencia, sente a necesidade de reivindicar o idioma propio como o marcador máis específico que garante e acredita a continuidade da nosa existencia como pobo:

a continuidade da vida histórico-cultural dun pobo é o que lle dá continuidade e fisionomía propia ao longo do tempo. Galicia, carecendo de vida histórica propia, ten a continuidade do idioma, que é o vínculo que suple os lazos de tipo histórico-cultural<sup>14</sup>.

As vicisitudes da historia de Galicia, pensa Piñeiro, son as vicisitudes da súa cultura e de entre elas a súa manifestación máis senlleira como creación colectiva, o idioma. Xa que logo, —a conclusión resulta evidente por si mesma—, serán a repriminación do idioma e da cultura os vieiros elixidos para volver a situarse no mundo como comunidade singular e orixinal. Serán os proxectos vitais e o proxecto comunal fundidos o obxectivo básico para recuperar a preeminencia histórica. Reconstruír o país é sinxelamente restaurar o seu idioma e a súa cultura.

Pero o home de acción que existe en Piñeiro reclama así mesmo como indispensable a compatibilidade das esferas estatal-española e nacional-galega, dado que a realidade estatal determina a viabilidade da construción nacional de Galicia cun dobre condicionamento: primeiro, porque a maioría dos galegos consideran un dispendio his-

tórico arredarse do Estado español; segundo, porque tal obxectivo abre a porta á incorporación da violencia como instrumento de acción política, e Ramón Piñeiro, que padeceu coa súa xeración dúas guerras, considera que o reingreso na historia debe excluír absolutamente a tentación do emprego da forza. A nación é viable no contexto federal da realidade peninsular, pero o Estado é percibido polo pensador como entidade problemática e conflictiva. A natureza intrínseca do Estado érguese como exclusiva, consecuentemente incompatible coa pretensión dun Estado federal que dea acubillo á realidade plurinacional da Península nun proxecto de avoenza democrática.

O talante mediador de Piñeiro inclinábao na dirección da tradición federalista do pensamento político galego. Neste senso, o Estado federal viña a ser o punto medio onde o horizonte estatal español e o horizonte nacional galego acadaban un punto de fusión que neutralizaba a incompatibilidade de ambos os dous proxectos. O Estado faise plurinacional e o nacionalismo galego transfórmase nunha opción inclusiva que formula o noso problema *dentro* de España e non *fronte* a España. Esta vontade inclusiva do nacionalismo galego, compatible co proxecto federal de España, exhibeo Piñeiro dende a súa máis tenra experiencia política.

No ano 1931 escribía:

Hai, na propaganda política que se anda a facer, sobra de formalismo. Ao traballador, labrego ou mariñeiro, hai que lle ir con problemas concretos. El sente o Goberno moi de lonxe e a súa composición é cousa para el moi secundaria. Ten que ver que cambian de verdade as cousas, que trae unha nova xustiza no reparto social mais humano, que non é tan podente a presión dos privilexiados, que non é tan dura a súa escravitude de feito. Que a forma política responda á auténtica realidade sociolóxica, que sexa unha república a nosa forma de goberno, que sexa o federalismo a nosa forma de estado e con elo teremos marabillosamente montado o noso aparello, listo para traballar [...] o federalismo, axeitada estrutura política á realidade española<sup>15</sup>.

Ramón Piñeiro tiña dezaseis anos cando publicou este artigo. Un ano despois reflexiona así sobre a consideración mitificada do Estado como institución inmodificable e permanente:

a racionalización da política é un aspecto da racionalización cultural total de todo o mundo. É preciso fuxir, nun caso e no outro, da consideración parcial, isolada do estado —de cada estado— como entidade completa e perfecta [...] o mundo é un e vario: un nas formas, no externo, no equi-

librio, nas compensacións; vario, máis cada vegada no contido, no interno, no esencial [...] a racionalización da política atopa cun terríbel [...] tropezo; un fetiche que ten moitos adoradores sen heterodoxias [...] é o estado histórico [...] produto do azar, da casualidade [...] case que sempre da forza, do roubo, dos arranxos testamentarios e de familia. Para nada se tivo en conta a realidade sociolóxica nin a conveniencia dos pobos, nin, moito menos, a eficacia e mellor réxime [...] racionalizar a política: facer que a forma política se axeite á realidade social. Que a forma política fomenta o desenrolo máximo das enerxías de cada terra asegún o seu espírito. Que a riqueza espiritual e material así creada se ofrezca logo ao mundo todo: eis o noso universalismo<sup>16</sup>.

Ben se bota de ver que Ramón Piñeiro ten abondo claras as ideas dende a súa propia infancia política. O pluralismo real da sociedade estatal pretendidamente única só pode ser arranxada dende a evolución do Estado unitario ao federal. Poucos anos despois escribiría, padecida xa a Guerra Civil, na revista portuguesa *Seara Nova* nun ensaio titulado, “Perspectiva galega do problema peninsular”:

Galicia constitúe unha realidade social propia e ben definida. A súa personalidade política foi anulada como tal polo Estado español a partir dos Reis Católicos [...] desposuída a súa personalidade política e cultural e inerte ante a forza e o poderío do Estado español conservou as súas esenciais nacionais a través da cultura popular [...] coa nova sensibilidade propagada por Europa nos tempos románticos do XIX, os dous elementos da vida espiritual galega, fondo cultural popular e lembranza do pasado histórico, cobraron nova e vigorosa vida, dando lugar ao intenso rexurdimiento cultural e, case simultaneamente, aos primeiros intentos de recuperación da personalidade política propia, que non deixaron de actuar dende

<sup>9</sup> Piñeiro, Ramón. *Escritos*, t. I, p. 47.

<sup>10</sup> Kant, Immanuel. Citado por Ernest Cassirer (2007). *Rousseau, Kant, Goethe*, Madrid: FCE, p. 184, n. 38.

<sup>11</sup> Camus, Albert. *El mito de Sísifo* (1998). Barcelona: Altaya, p. 23.

<sup>12</sup> C. F., en Taylor, C. H. *Las fuentes del yo* (1996), Barcelona: Paidós, pp. 44-46.

<sup>13</sup> Hegel, W. F. *Op. cit.*, p. 210.

<sup>14</sup> Piñeiro, Ramón. *Escritos*, t. II, p. 60.

<sup>15</sup> Piñeiro, Ramón (1931). “Política de contido”, *Yunque*, Lugo.

<sup>16</sup> Piñeiro, R. (1932). “Racionalización da política”, *Yunque* 6, Lugo.

entón [...] todo intento de plasmar a vitalidade galega en creación de rango histórico esixe a existencia dun centro de acción política dentro do propio país, unha autonomía política que permita o libre desenvolvemento da personalidade social e cultural do pobo galego<sup>17</sup>.

Neste ensaio, Piñeiro acomete a reflexión sobre a coincidencia dos grandes problemas da revisión histórica de conceptos pretendidamente permanentes e eternos, e concentra estas reflexións en tres problemas fundamentais: o primeiro, a crise actual do estado histórico do que afirma:

unha das verdades do noso tempo, que a derradeira guerra puxo máis de manifesto, é a crisis fatal dos nacionalismos estatais tal como se concretaron no decorrer da Edade Moderna. As forzas políticas hoxe operantes teñen áreas de acción que trascenden os límites dos estados nacionais [...] nesta crise do pasado histórico Galicia non perde ren, pois xa levamos dito que se considera allea á historia do estado español [...] lonxe de oporlles resistencia ás tendencias da época, desexa colaborar con elas e incorporarse ao seu proceso de anovación (p. 136).

Determina como segunda gran tendencia da época a “democratización progresiva da vida política”, da que afirma: “o certo é que a política do noso tempo tende a ser democrática e a buscar na adhesión popular a súa forza de acción. Tampouco esta tendencia é contraria aos intereses galegos, pois sendo Galiza unha comunidade social que pretende afianzar a súa personalidade en loita cunha organización estatal de base tradicional, sabe que as súas forzas están medidas polo grao de fervor da súa propia opinión popular”. Cómpre ter ben en conta a claridade con que Piñeiro advirte que todo programa político, para ter lexitimidade democrática, debe contar inescusablemente “co fervor da súa propia opinión popular” (p. 136).

Unha terceira tendencia que Piñeiro caracteriza polo seu ámbito de universalidade é precisamente o novo

horizonte universalista da política actual. Os grandes problemas políticos de hoxe teñen unha área de acción case mundial, realidade que constitúe a causa principal da caducidade dos vellos Estados nacionais como unidades eficientes. Como é natural, o horizonte político de hoxe segue a mesma amplificación, de tal xeito que se produce un reagrupamento total dos intereses políticos que de antes representaban os estados nacionais e que hoxe están representados por unidades máis amplas, carentes aínda de cristalización política [...], pero baseadas nun sentimento fondo de

comunidade [...] non teme, non, o pobo galego esa nova perspectiva de universalidade dos novos horizontes políticos [...] nin a ese reagrupamento das unidades políticas que han de substituír os estados vellos, pois iste reagrupamento só poderá consolidarse se se constitúe a base de realidades sociais e culturais existentes na súa área de acción, cousa que Galicia desexa porque sabe que é unha das unidades vivas do mundo occidental.

Piñeiro conclúe subliñando a coincidencia entre “a perspectiva galega do problema peninsular e as tendencias políticas máis características do noso tempo” e remata afirmando que

Galiza estima que no proceso de integración das forzas en novas unidades —neste caso Occidente— cómpre unha integración previa de todas as realidades peninsulares, entre as que non pode faltar Portugal, e recaba para si, por dereito natural, a misión de intermediaria co gran pobo portugués.

Estas referencias veñen a confirmar que superado o atranco ontolóxico coa afirmación do home galego como modo orixinal do ser humano, o esforzo do político encarréirase a facer viable o exercicio dos dereitos do suxeito histórico denominado pobo galego. A precocidade reflexiva e discursiva de Ramón Piñeiro queda ben patente polos dous traballos publicados na revista *Yunque* a que fixemos referencia. A razón desta lembranza está xustificada pola continuidade desas reflexións primeirizas, que aluden a un temperamento reflexivo, estable e moi coherente.

Superado o trauma da Guerra Civil, no ano 1945 prosegue loitando por conseguir a compatibilidade entre as pretensións autonomistas de Galicia, as posicións maximizadoras dos gobernos vasco e catalán no exilio e máis as actitudes restritivas das formas republicanas socialistas, cenetistas e comunistas no que atinxe a unha constitución federal para España. A súa proposta naquel momento concrétese nunha fórmula de nacionalismo inclusivo que busca incardinar o problema galego *dentro* do problema xeral de España e non *fronte* a España. O informe elaborado dende Cataluña en febreiro de 1945, despois de reunirse cos partidos catalanistas, recolle perfectamente esta posición:

La República tiene un solo camino para asegurar estas libertades [refírese á liberdade dos españois, e a liberdade de vascos cataláns e galegos]: federar a los pueblos españoles en una unidad armónica en que todos tengan igual participación. Libertad, Democracia, Federalismo [...] he ahí, demócrata español, el ideario de los nacionalismos gallego,

vasco y catalán, de esos nacionalismos a los que tú, por desconocimiento has calificado de “*separatistas, retrógrados, reaccionarios, etc...*”

Con toda seguridad que los españoles de corazón comprenderán mucho mejor este lenguaje que el de la afirmación particularista y pugnaz de nuestros exclusivos derechos presentados *frente* y no *dentro* del conjunto español<sup>18</sup>.

Este informe que resume a situación política da oposición a Franco no ano 1945 e que estaba dirixido ao Comité Executivo do Partido Galeguista, para informar acerca da situación real do pacto Galeuzca, ten unha nota manuscrita aclaratoria de Piñeiro que literalmente di:

Este informe foi solicitado polos vascos i está redactado coa preocupación de influír no seu criterio no senso de mitigar algo a intransixencia á que tan inclinados se mostran. Coido que con el poderán facerse unha idea de como están as cousas de Galeuzca. Apertas Santiago.

Esta actitude foi asumida no exilio por Daniel Castelao e expresada publicamente no discurso que o prócer galeguista pronunciou no Ateneo de Montevideo poucos meses despois, concretamente o 30 de xuño no discurso de conmemoración do plebiscito autonómico. O texto de Castelao alude a que as ideas que expresa foron formuladas recentemente polas forzas democráticas de Galicia e que literalmente cita nos seguintes termos:

La República no tiene más que una manera de garantizar esta libertad de todos los españoles, y es uniendo a los pueblos diferenciados dentro de un estado armónico en el cual estos pueblos tengan la misma intervención y dentro de cuyo Estado el hombre se sienta protegido y satisfecho con su ley, que en España ha de ser varia, como son varias sus realidades nacionales [...] nosotros tomamos en conjunto el problema de España y dentro de él situamos y definimos el nuestro<sup>19</sup>.

Fracasado o intento político da incorporación de Galeuzca (como pacto dos partidos nacionalistas catalán, vasco e galego) á Alianza Nacional de Forzas Democráticas pola posición dos vascos e dos cataláns de non lexitimar o que eles entendían como unha plataforma política centralista, e fracasado o intento da restauración da República despois de celebrada a conferencia de San Francisco, Piñeiro actúa no sentido de garantir coa presenza de Castelao no goberno Giral un precedente histórico que puidese ser invocado nun futuro polo nacionalismo galego, pero decontado o seu “sentido da proporción histórica” o impul-



Retrato de R. Piñeiro por Luís Seoane

“Unha das verdades do noso tempo,  
que a derradeira guerra puxo máis  
de manifesto, é a crisis fatal dos nacio-  
nalismos estatais tal como se concreta-  
ron no decorrer da Edade Moderna”

(Ramón Piñeiro)

<sup>17</sup> Veiga do Campo, Luís (1952) (pseudónimo de Ramón Piñeiro). “Perspectiva galega do problema penínsular”, *Seara Nova* 1260-61, Lisboa, 27-IX-1952.

<sup>18</sup> Piñeiro, R. Informe elaborado en Cataluña en febreiro de 1945.

<sup>19</sup> Castelao, D. (2000). *Obra completa*. Vigo: Galaxia, t. IV, p. 504.

sa a participar na elaboración dunha plataforma legal que permita a presenza activa do galeguismo no contexto cerrado dunha ditadura sen data de caducidade coñecida.

O testemuño máis importante que pode irradiar luz para o coñecemento preciso do discurso político de Piñeiro atópase nun texto manuscrito do autor datado no 1956 e titulado “Apuntes para unha definición do galeguismo”<sup>20</sup>. Este documento sintetiza o pensamento do seu autor e do grupo ao que esta incorporado formado polos mozos galeguistas superviventes da Guerra Civil e que se aglutinaron arredor da iniciativa legal que constituía a creación da Editorial Galaxia en 1950.

O documento parte do feito histórico do cenenario do “Banquete de Conxo” para facer unha reflexión que pretende ser un balance histórico

para medirmos os logros e os fracasos que na gran roda dos cen anos foi experimentando o ideal cuxa data significativa se conmemora [...] nestes cen anos que agora se cumpren Galicia acadou varias cousas de valor fundamental, das que hoxe sinalaremos especialmente tres: o conxerimento da conciencia histórica, a dignificación cultural do idioma e mais o reencontro do seu pasado lírico.

Despois de avaliar estes logros fundamentais, o pensador define o ideal galeguista que resume do xeito seguinte:

o ideal, [...] vén de máis fondo; nace dun sentimento humano radical: o sentimento da dignidade do propio ser colectivo á que se pertence. Todo home, de modo espontáneo e natural, se sente identificado coa comunidade social e cultural da que forma parte [...] hai tres maneiras fundamentais de se identificar o individuo co seu pobo: conservando as institucións xenuínas cando disfruta delas; esforzándose por crear esas institucións cando non as ten; e finalmente, loitando contra das institucións que naceron e dependen da vontade allea en favor de institucións xenuinamente súas [...] no terceiro caso [...] procúrase ter conciencia das necesidades colectivas e precísase, igualmente, ter o sentimento da xustiza de tales necesidades. Cando tales condicións se dan, xorde o *ideal*<sup>21</sup>.

Neste texto, que ten unha función didáctica de condensación do programa político do galeguismo, o autor pasa a continuación a diferenciar entre ideario ou programa que “reflicte os intereses ou os puntos de vista concretos de cada un dos grupos sociais que integran a un pobo” e o ideal que, pola contra, “abrange a comunidade enteira como tal”.

O autor analiza a seguir, as diferenzas entre ideario e ideal político e define con precisión os obxectivos do ideal galeguista, que resume en tres grandes esferas de actividade:

- a) Dotar a Galicia de conciencia colectiva propia. Ao sentir conciencia dos dereitos que lle corresponden Galicia acada rango de pobo.
- b) Facer que Galicia disfrute dos dereitos que a todo pobo lle corresponden en orde ao libre desenvolvemento da súa personalidade xenuína. Non abonda, con ter conciencia de tales dereitos, cómpre disfrutar do seu exercicio.
- c) Desenvolver a personalidade de Galicia en toda a súa plenitude, ou sexa, en todas as dimensións da súa realidade: económica, administrativa, cultural, social, etc.

Definidas as áreas de actividade do ideal, Piñeiro analiza a evolución do ideal galeguista e expresa o seu obxectivo de

ensañar unha revisión das posturas anteriores e indicar cales deben ser [...] as posicións doutrinais futuras. En realidade, tomarei por base a posición “nacionalista” do galeguismo como obxecto de revisión.

Neste intre Piñeiro acada o punto de madurez e decisión da súa actitude política fundamental para definir no futuro unha liña de actuación na que coincidan as posicións ideolóxicas coas posibilidades políticas reais da súa confirmación. Esta decisión non ten precedentes históricos no ámbito da teoría política galega e carece así mesmo de referencias nos ámbitos políticos nacionalistas catalán e vasco. A valentía intelectual do pensador correlaciona neste momento coa decisión audaz do político ao propoñer como obxectivo inmediato da doutrina galeguista a separación da base común teórica constituída polo “principio das nacionalidades” que resume os anxeos de todos os nacionalismos.

Piñeiro explícao de modo contundente:

Pódese dicir que deica agora a esencia doutrinal do galeguismo viña coincidindo coa teoría do “nacionalismo”: partindo dun feito —o feito de ser Galicia unha nación— e dun dereito —o dereito de toda nación a converterse en estado—, afirmábase que a conversión da nacionalidade galega en estado galego era o fin natural do galeguismo.

Piñeiro xustifica esta posición na medida en que o romantismo e o nacionalismo foran os dous grandes eixos da Europa do século XIX e que os poetas e os galeguistas ao crearen un romantismo e mais un nacionalismo galegos, incorpora-

ron Galicia a Europa con verdadeira presenza activa.

Tal é o gran mérito do “galeguismo nacionalista”, que foi con todas as adaptacións tácticas que a realidade política de cada época ía aconsellando, o galeguismo destes primeiros cen anos do Rexurdimento galego que agora estamos conmemorando. A esencia doutrinal dese galeguismo era, non podía ser loxicamente outra, o ideal “nacionalista”.

Os dous seguintes apartados do texto que estamos a citar secuencian a reflexión sobre dous fenómenos que a Piñeiro lle resultan evidentes: a crise do nacionalismo ao remate da Guerra Mundial, derivada de que a realidade dos problemas nacionais excedía da capacidade do Estado para solucionarlos, e a tendencia á constitución de grandes institucións de carácter supranacional para resolvelos.

O último apartado reflexiona sobre a superación do nacionalismo como consecuencia da súa crise e sitúanos ante a realidade da división mundial en dous grandes bloques, respaldado un pola potencia militar da URSS e liderado o outro polos EUA.

Piñeiro conclúe neste caso que

a subsistencia mesma de Occidente, coas súas formas de vida características, depende de que chegue ou non a se articular nunha nova estruturación política supranacional. A loita entre as “vellas formas nacionalistas” e a tendencia innovadora e de tipo supra nacionalista, *européista*, produce no interior de cada nación unha forte conmoción. As formas de vida peculiares de Occidente, que ata agora se desenvolveron dentro do molde de cada Estado nacional, de agora en diante soamente poderán subsistir se se organizan a escala europea.

O noso autor pretende, coa súa análise, que a visión que dende Galicia existe sobre os problemas do mundo está literalmente implicada no contexto da civilización europea occidental. Se no século XIX románticos e galeguistas mantiveron a Galicia na súa presenza espiritual europea, superados o romantismo e o nacionalismo, Piñeiro reflexiona, dende a tradición do pensamento político propio, sobre a crise histórica de Europa como parte fundamental dese mesmo espazo cultural.

Así remata o seu discurso para unha nova definición do galeguismo:

A crise histórica que hoxe vive a Europa occidental consiste mesmamente niso: en que os moldes políticos sobre os que descansa a súa tradición non serven para os problemas actuais. De aí o seu gran dilema: ou entregarse á asimilación política de

Rusia ou transformar totalmente a súa estrutura política propia.

Vai alá medio século. Os estados nacionais de Europa deron cima á Unión Europea, á moeda única e andan a voltas coa elaboración dunha constitución que eleve o rango político do proxecto federalizador. Piñeiro albiscaba no ano 1952 a necesidade do apoio da opinión popular para instaurar calquera proxecto político novo. Este principio implica que a nova Constitución europea estea avalada pola maioría dos cidadáns dos países que forman a súa unidade cultural superadora dos estados nacionais pechados e soberanos. Dende Galicia este futuro estaba perfectamente non só intuído, senón tamén previsto por Piñeiro, e o texto que reproducimos é unha proba inapelable da súa categoría como pensador político.

Podemos concluír afirmando que Piñeiro expresaba ideas compartidas pola xeración que acometeu a revisión do nacionalismo. O PG fora a versión política do galeguismo consciente dos seus dereitos, mais a extensión desa conciencia á inmensa maioría do pobo demandaba a necesidade de aceptar o pluralismo político e, consecuentemente, o ocaso da función histórica do Partido Galeguista como depositario exclusivo da conciencia política do país. Por esta razón, afirmaba Castelao<sup>22</sup>:

Eu quero que tódolos partidos de Galicia sexan partidos galeguistas, pero pra atinguir este fito é preciso que se constrúa un partido comunista galego, un partido socialista galego, un partido republicán galego, etc, etc, e que ningún deles estea supeditado ás ordes dos partidos centralistas que teñen a súa sé en Madrid. Isto non quere dicir que rompan os seus lazos de solidariedade e irmandade cos partidos da mesma ideoloxía, pero a vaquiña polo que vale, e os partidos de Galicia teñen que ser galegos. Deste xeito non faría falla o Partido Galeguista en especial, porque as ideas e as accións galeguistas ficarían proxectadas en tódalas organizacións do país, partidos e sindicatos ■

<sup>20</sup> Piñeiro, R. *Escritos*, t. II, p. 45 e ss.

<sup>21</sup> Piñeiro, R. “Apuntes para a definición do galeguismo”.

<sup>22</sup> Soto. Luís (1983). *Castelao, a UPG e outras memorias*. Vigo: Xerais, pp. 225-226.